

BASES I CONCURSO FOTOGRÁFICO DROGAS: *Sentindo a realidade.* **ASOCIACIÓN ABEIRO DE AXUDA AO DROGODEPENDENTE. AS PONTES 2012.**

1. PARTICIPANTES

Poderán presentarse tódalas persoas interesadas, con idades comprendidas entre os 12 e os 30 anos. Habrá dúas categorías:

- Dos 12 aos 17 anos (ambos inclusive): categoría xuvenil
- Dos 18 aos 30 anos (ambos inclusive): categoría adultas/os

2. TEMÁTICA DO CONCURSO

Os traballos deberán axustarse á temática proposta, que é a seguinte: **As drogas e os sentimentos e valores que provocan na sociedade.** As persoas deben plasmar nas súas instantáneas, diferentes situacións ou lugares nos que están presentes as drogas e os sentimentos e valores que estas provocan.

3. PRESENTACIÓN DAS OBRAS AO CONCURSO

As/os concursantes poderán facer entrega dos seus traballos ata o **15 de novembro de 2012**. As fotografías e documentos requiridos para concursar enviaranse por correo electrónico ao enderezo **fotodrogas.aspontes@gmail.com**. A xeito de acuse de recibo, a organización do concurso responderá cunha mensaxe de correo electrónico confirmando a recepción. Ata que non reciba esta mensaxe, a persoa solicitante non poderá dar por feita a súa participación.

3.1 PRESENTACIÓN E ENVÍO DAS FOTOGRAFÍAS

As fotografías deberán ser presentadas en **formato JPG, cunha resolución mínima de 300ppp**. A imaxe poderá ocupar **5MB como máximo**.

Cada participante poderá presentar ata un máximo de 2 fotografías individuais, ou ben unha serie composta de tres fotografías. Admítense fotografías en cor e en branco e negro.

Cada fotografía presentada a concurso nomearase co pseudónimo da autora ou autor seguido do número da fotografía (1 ou 2) máis a extensión do ficheiro. *Por exemplo: botellón1.JPG, botellón2.JPG.*

No caso das series fotográficas, estas serán nomeadas co pseudónimo da/o concursante seguido da palabra 'serie' xunto co lugar que ocupa a fotografía na serie (1, 2 ou 3). *Por exemplo: botellónserie1.JPG, botellónserie2.JPG, botellónserie3.JPG.*

Non se admitirán fotomontaxes ou fotografías retocadas dixitalmente, se ben serán admitidas as fotografías con axustes de brillo, contraste e cor empregados para mellorar a calidade da imaxe.

As imaxes deben ser inéditas e exclusivas do/a autor/a. Non se admitirán, polo tanto, obras que se teñan presentado a outros concursos ou que teñan recibido premios anteriormente.

A/o concursante garante ser a/o única/o titular dos dereitos de autor sobre as fotografías presentadas e faise responsable de calquera tipo de reclamación, eximindo á organización de dita responsabilidade.

As/os concursantes certifican que dispoñen dos dereitos de imaxe das persoas identificadas ou identificables e eximen á Asociación Abeiro de calquera responsabilidade que puidera derivarse como consecuencia da non obtención destes correspondentes permisos.

No caso de que aparezan menores de idade as/os concursantes deberán dispoñer da correspondente autorización da nai ou pai ou do/a titor/a legal.

A Asociación Abeiro garante ás persoas autoras o respecto absoluto aos seus dereitos conforme a lexislación vixente.

As/os concursantes non poderán exhibir as fotografías presentadas ao concurso a través dos diferentes medios de comunicación e redes sociais antes do fallo do concurso.

3.2 PRESENTACIÓN E ENVÍO DA INFORMACIÓN REQUIRIDA

Cómpre enviar dous tipos de documentos xunto coa obra participante:

- **Documento de texto "FOTOS"**: este documento deberá nomearse co pseudónimo da/o concursante seguido da palabra "fotos". Por exemplo: *botellónfotos*

Deberá conter a seguinte información:

- Pseudónimo da persoa concursante.
- Título de cada fotografía, asociado ao nome que leve o arquivo fotográfico, ou título da serie.
- Breve descrición de cada obra, na que se explique a relación da fotografía ou serie co tema proposto.
- Lugar de realización de cada unha das fotografías ou serie.

- **Documento de texto "DATOS PERSOAIS"**: este documento deberá nomearse co pseudónimo da/o concursante seguido de "datos persoais". Por exemplo: *botellóndatospersoais*. Deberá conter a seguinte información:
 - Nome e apelidos.
 - Data de nacemento.
 - Domicilio, código postal e poboación.
 - Teléfono de contacto e enderezo electrónico.
 - En caso de ser menor de idade, autorización asinada con DNI da/o nai/pai ou titor/a.

3.3 DEREITO DE EXCLUSIÓN

A organización resérvase o dereito de exclusión:

- cando se incumpran as presentes bases
- cando se inscriban datos falsos na ficha de inscrición
- cando de forma fraudulenta manipulen a participación
- cando as fotografías poidan considerarse contrarias aos dereitos e liberdades fundamentais

Os documentos de texto nos que se indiquen os datos persoais da/o concursante serán arquivados pola Asociación Abeiro e en ningún caso as persoas que compoñen o xurado terán acceso aos mesmos ata unha vez decidido cales son as fotografías gañadoras. A Asociación Abeiro será a única responsable do ficheiro de datos. Seguirase minuciosamente a normativa vixente sobre a protección de datos de carácter persoal (Lei 15/1999).

4. XURADO E SELECCIÓN DE GAÑADORAS/ES

Participar no concurso implica aceptar estas bases e a inapelable decisión do xurado, que estará composto por cinco persoas:

- Representante da Asociación Abeiro de Axuda ao drogodependente de As Pontes.
- Representante da Asociación de Alcohólicos Rehabilitados Adiante de As Pontes.
- Representante do Concello de As Pontes.
- Profesional do mundo da fotografía e/ou artes plásticas.
- Coordinadora do programa para a prevención de drogodependencias na adolescencia, Zona Zero.

5. ENTREGA DE PREMIOS

Haberá un premio por categoría. Os premios serán os seguintes:

- **Para a categoría xuvenil: Vale de compra valorado en 100€.**
- **Para a categoría adultas/os: Vale de compra valorado en 150€.**

Os vales de compra poderán ser utilizados en diferentes establecementos de As Pontes.

O uso de ditas fotografías quedará cedido á Asociación Abeiro, que poderá empregalas para realizar calquera actividade sen fins lucrativos, citando sempre ao/á autor/a das obras. Tamén poderá difundilas polas súas canles de comunicación habituais. As persoas premiadas asinarán un documento de cesión de dereitos de reprodución das imaxes.

O fallo do concurso farase público a través da páxina web **educaspontes.es** e con anterioridade comunicárselle individualmente ás persoas premiadas.

Se o xurado o estimase oportuno algún dos premios podería quedar deserto.

A presentación e **entrega de premios** realizarase o **martes 20 de novembro de 2012** a partir das 18h. na Casa Dopeso, onde tamén terá lugar unha mesa redonda sobre a temática das drogas e a súa realidade actual.

Para calquera dúbida sobre o concurso pódese chamar ao **608 63 13 76** de luns a venres de **9:30 a 14:30h.** ou escribir un correo electrónico a fotodrogas.aspontes@gmail.com

